



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS (ADOS) E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A TRAVÉS DO CENTRO SINGULAR DE INVESTIGACIÓN EN QUÍMICA BIOLÓXICA E MATERIAIS MOLECULARES (CiQUS), PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN TITULADO: "DESENVOLVEMENTO DE SISTEMAS NON VIRALES PARA A TRANSFECCIÓN DE CÉLULAS INMUNITARIAS"**

Santiago de Compostela e A Coruña, 19 de agosto de 2025.

**COMPARECEN**

**Dunha parte**, don Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade e presidente da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, de conformidade co Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establecen a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, e co Decreto 142/2015, do 17 de setembro, polo que se crea a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e se aproban os seus estatutos.

**Doutra parte**, don Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, con CIF Q1518001A, e domicilio en Praza do Obradoiro, s/n, 15782 Santiago de Compostela, nomeado mediante o Decreto 35/2022, do 17 de marzo, en representación desta e en virtude das facultades conferidas pola Lei Orgánica 2/2023 do Sistema Universitario, e do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, e en representación do Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CiQUS) da USC, na súa condición de presidente do Consello Reitor deste centro.

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade legal para obrigarse e subscribir este convenio, e para o efecto,

**EXPOÑEN**

**Primeiro.-** Que de conformidade co previsto nos seus estatutos, aprobados por Decreto 142/2015, do 17 de setembro, a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (en adiante ADOS) é unha axencia pública autonómica que se encadra dentro das entidades públicas instrumentais reguladas no título III da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A ADOS atópase adscrita á consellería competente en materia de sanidade, e ten como fin actuar como un instrumento de xestión eficiente para asegurar a doazón voluntaria de sangue, o procesamento, fraccionamento, almacenaxe e abastecemento de compoñentes sanguíneos e hemoderivados, a coordinación de transplantes de órganos e a obtención,

procesamento, almacenaxe, distribución e implante de células e tecidos, aplicando os criterios de calidade vixentes no mercado e na lexislación de aplicación, e seguridade marcados tanto pola lexislación vixente coma polas guías científicas, e asegurando que se cumpren todos os aspectos éticos inherentes á doazón e ao uso de substancias de orixe humana procedentes da mesma.

De conformidade co artigo 9 dos seus estatutos é competencia da axencia conseguir doazóns voluntarias e altruístas de sangue, medula ósea e sangue de cordón umbilical para cubrir as necesidades do sistema sanitario de Galicia, así como conseguir as doazóns de células e tecidos necesarios para atender as necesidades dos/as doentes do sistema sanitario de Galicia e dos programas de investigación celular.

**Segundo.-** Que a Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC) é unha entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico. Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios e goza de autonomía académica, económica e de goberno de acordo coa Constitución e coa Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e entre os seus fins prioritarios figuran, entre outros, colaborar cos sectores socioeconómicos para asegurar un dos fins da formación e a investigación, que é a innovación e a modernización do sistema produtivo.

Segundo o artigo 4 dos Estatutos da USC, para o mellor desenvolvemento das súas funcións, a USC propiciará o establecemento de relacións con outras Universidades, organizacións e institucións, moi en particular coas de carácter académico, científico e cultural.

O Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CiQUS) constituíuse como Centro Singular de Investigación da USC ao abeiro do previsto no artigo 41 da Lei Orgánica 6/2001 de 21 de decembro de Universidades.

O Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CiQUS) foi creado por acordo do Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela o 10 de febreiro de 2010 e forma parte da Rede de Centros Singulares de Investigación do proxecto Campus Vida (Campus de Excelencia Internacional, MEC-MICINN, 2009) e centra os seus obxectivos científicos na aplicación de estratexias transdisciplinares para a resolución de problemas cientificamente relevantes no ámbito da química biolóxica e no desenvolvemento de novos materiais funcionais.

A misión do CiQUS consiste en:

- promover o avance da ciencia na fronteira do coñecemento nos campos da química sintética, a química biolóxica e os materiais funcionais,
- formar novos científicos, profesionais e futuros líderes,
- crear progreso socio-económico e transferencia tecnolóxica e
- contribuir a incrementar o prestixio internacional da USC e de Galicia.

**Terceiro.-** A Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027 define o marco para as políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período e o Plan Galego de Investigación e Innovación de Galicia 2025-2027 concreta desde un punto de vista operativo este marco estratéxico.

A RIS3, no período 2021-2027, aborda a través da I+D+i, tres grandes retos da economía e a sociedade galega.

O terceiro reto da RIS3 consiste en desenvolver un modelo de vida saudable e envellecemento activo da poboación. En relación con este reto, unha prioridade é orientar os esforzos en I+D+i cara ás necesidades e o benestar das persoas.

En consecuencia, o presente convenio de colaboración enmárcase na RIS3 de Galicia 2021-2027, respondendo o reto 3 (Modelo de vida saudable e envellecemento activo da poboación) e á prioridade 3 (Enfoque cara ás persoas). Así mesmo, contribúe ao obxectivo estratéxico 5, integrándose polo tanto no programa Posiciona da RIS3 de Galicia e no programa Posicionamento do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

**Cuarto.-** O investigador principal e promotor neste proxecto no Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CiQUS) é o Dr. Javier Montenegro García.

O proxecto denomínase *“Desenvolvemento de sistemas non virales para a transfección de células inmunitarias”*.

O proxecto ten ditame favorable do Comité de Ética Na Investigación Da USC do 03.04.2025.

Para o desenvolvemento do proxecto o equipo de investigación precisa de mostras de sangue denominadas *Buffy-Coats*.

A *buffy coat* é o concentrado plaquetario (capa leucocitaria) preparado a partires de capas leucocitarias procedentes de diversas unidades de sangue total.

Para o proxecto a ADOS facilitará ás persoas responsables do estudo unicamente aqueles buffys coats remanentes que non se vaian a empregar na preparación de unidades de plaquetas procedentes de persoas doadoras que firmasen o consentimento informado de ADOS no momento da doazón.

Dado o carácter exploratorio do proxecto será un estudo totalmente anónimo sen manexo de datos persoais.

**Quinto.-** Este convenio de natureza administrativa queda fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo do Consello de 26 de febreiro de 2014, segundo o establecido no artigo 6.1 da citada lei.

Así, o artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro determina que quedan excluídos do seu ámbito de aplicación os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados na mesma ou en normas administrativas especiais, celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.

Neste caso trátase dun convenio establecido entre a administración sanitaria e unha universidade pública galega, que ten por obxecto actividades científicas e de investigación.

Ademais, a devandita lei condiciona dita exclusión ao cumprimento das seguintes condicións:

- a) Que as entidades intervinientes non deben ter vocación de mercado e ademais, queda excluído do convenio a obtención dun beneficio económico directo para as partes.
- b) Que o convenio estableza ou desenvolva unha cooperación entre as entidades participantes coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles atinxen se prestan de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común.

Neste caso trátase dun estudo de investigación que pode contribuír á mellora da saúde das persoas usuarias do Sistema Público de Saúde de Galicia.

- c) Que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Polo anteriormente exposto, as partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración de conformidade coas seguintes

## CLÁUSULAS

### **Primeira.- Obxecto e finalidade**

O obxecto deste convenio é materializar e regular a colaboración entre as partes para o desenvolvemento do proxecto de investigación titulado: *"Desenvolvemento de sistemas non virales para a transfección de células inmunitarias"*.

A finalidade do proxecto de investigación é estudar a eficacia e toxicidade dun método de transfección de ácidos nucleicos en células inmunitarias de doantes sans.

## **Segunda.- Compromisos das partes**

A ADOS facilitará ao CiQUS un máximo de corenta e cinco (45) concentrados plaquetarios (*buffy coats*) procedentes de remanentes que non se vaian a empregar na preparación de unidades de plaquetas, e de persoas doadoras que firmasen o consentimento informado da ADOS no momento da doazón.

Dado o carácter exploratorio do proxecto non é necesaria a identificación da persoa doadora, polo que será un estudo totalmente anónimo sen manexo de datos persoais.

O CiQUS utilizará as *buffy coats* facilitadas pola ADOS, unicamente para o proxecto obxecto deste convenio.

No caso de que a cesión do material biolóxico resultase no desenvolvemento dun produto farmacéutico susceptible de explotación comercial, as partes axustaranse con carácter xeral, no que resulte de aplicación, ao Decreto 141/2018, do 25 de outubro, polo que se regula a protección, valorización e transferencia dos resultados de investigación, desenvolvemento e innovación no ámbito do Sistema público de saúde de Galicia, singularmente ás previsión contidas no capítulo III, relativo á "*Explotación dos resultados da investigación, o desenvolvemento e a innovación no Sistema público de saúde de Galicia*", así como o Regulamento de protección, explotación e participación de resultados de investigación xerados na USC, aprobado polo Consello de Goberno o 27 de outubro de 2016.

As partes comprométense a facilitar cuantos datos resulten necesarios para a valoración deste convenio de colaboración no marco da avaliación da RIS3 de Galicia 2021-2027 ou doutros mecanismos relacionados coa medición da I+D+i.

## **Terceira.- Ausencia de compromisos económicos**

O presente convenio non implica obrigas económicas para as partes, e non require de dotacións orzamentarias específicas, por tratarse de remanentes de sangue non utilizados.

## **Cuarta. Relacións laborais**

A subscrición deste convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre a ADOS e o persoal da USC que realicen as actividades obxecto deste.

## **Quinta.- Comisión de seguimento**

Para facilitar o seguimento e cumprimento das actividades a desenvolver, constituirase unha Comisión Mixta de seguimento integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes. O réxime de funcionamento desta comisión será o establecido na Sección 3ª do Capítulo II da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Dita comisión será a encargada da coordinación, execución e seguimento do presente

convenio.

Reunirase cando o solicite algunha das partes e, en todo caso, alo menos unha (1) vez cada seis meses.

A Comisión Mixta realizará unha avaliación anual sobre o cumprimento e o grao de execución, que documentará a través dun informe. Unha vez finalizado o período de aplicación do presente convenio dita comisión realizará unha avaliación final, que fará pública ante os órganos reitores das institucións asinantes.

Corresponderán á Comisión Mixta, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Impulsar e debater as iniciativas e accións específicas que se propoñan levar a cabo en cumprimento do obxecto do presente convenio.
- b) Avaliar o grao de cumprimento e desenvolvemento do presente convenio, e as súas posibles modificacións.
- c) Tratar sobre a interpretación, modificación ou resolución das dúbidas e discrepancias que poidan presentarse.

**Sexta.- Confidencialidade, protección de datos de carácter persoal e publicación de resultados.**

As partes comprométense a non difundir as informacións científicas ou técnicas pertencentes á outra parte ás que poidan ter acceso no desenvolvemento do presente convenio, agás consentimento expreso, e sempre que esas informacións non sexan de dominio público.

As partes informarán da anterior obriga ao persoal que participe nas actividades obxecto deste convenio, o cal deberá asinar un documento de compromiso de confidencialidade ao respecto.

A efectos de facilitar o cumprimento destas obrigas cada parte informará á outra por escrito e coa debida antelación sobre o carácter confidencial da información e documentación facilitada á outra

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE así como na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, ambas partes comprométense a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude do presente convenio e ao deber de gardalos, sen que poidan ser utilizados para usos diferentes aos previstos no

mesmo, facendo constar de maneira expresa que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigas subsistirán incluso despois de rematado o convenio.

A publicación de traballos científicos derivados do presente convenio será comunicada e farase referencia á participación de ambas entidades no apartado relativo ao material e métodos empregados no estudo ou, de selo caso, no apartado de agradecementos.

### **Sétima.- Vixencia, prórroga e modificación do convenio**

1. A duración do presente convenio será de catro anos desde o día seguinte ao da súa sinatura, salvo denuncia expresa de unha das partes asinantes.
2. O convenio poderá ser modificado a proposta da Comisión de Seguimento do Convenio e previo acordo das partes.
3. En calquera momento, antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, as partes poderán acordar a súa prórroga por un período de ata un ano adicional salvo denuncia expresa dalgunha das partes, formulada cunha antelación mínima de dous meses ao vencemento do prazo inicial.

### **Oitava. Resolución do convenio.**

Son causas de resolución do convenio as seguintes:

1. O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a súa prórroga.
2. O acordo unánime das partes.
3. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte das partes asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá requirir á outra que cumpra coas obrigas ou compromisos asumidos, informando diso á Comisión de seguimento do convenio.

4. Por resolución xudicial.
5. A denuncia expresa do convenio manifestada por calquera das partes con 3 meses de antelación.

### **Novena.- Natureza xurídica e xurisdición**

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo. Para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir como consecuencia da súa interpretación ou cumprimento, as partes quedarán suxeitas aos Xulgados e Tribunais da orde xurisdiccional do contencioso-

administrativo que resulten competentes.

De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o presente convenio está excluído do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante de conformidade co previsto no artigo 4 da dita lei aplicaranse os principios desta para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

#### **Décima.- Rexistro de convenios e transparencia.**

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na lei 19/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E en proba de conformidade asinase por triplicado o presente convenio no lugar e data anteriormente indicado

Pola Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos      Pola Universidade de Santiago de Compostela e o CiQUS

Antonio Gómez Caamaño

Antonio López Díaz